



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.es

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/>

e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO DE COBRANZA DO PRIMEIRO PRAZO DE PAGO DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE BETANZOS NO CURSO 2022-2023

Pola presente faise saber que por resolución nº 576/2023 do Concelleiro Delegado de Economía, Facenda, Obras públicas, Servizos, Protección civil e Persoal foi aprobado o primeiro prazo de pago do padrón fiscal da taxa pola prestación de servizos no Conservatorio Municipal de Música do Concello de Betanzos no curso 2022-2023.

O presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal e interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En virtude do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº14, reguladora da taxa pola prestación de servizos nos museos e outras instalacións culturais do Concello, esta taxa deivíndicase e nace a obriga de contribuír desde que se solicita a prestación do servizo. O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados tributarios.

O período voluntario de pago será de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal as débedas serán esixidas mediante o procedemento de prema e deivíndicarase os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, conforme os artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, 21 de marzo de 2023

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa
María Barral Varela